

LICENZA DE OBRA MAIOR E DEMOLICIÓN

Solicitante					
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social			
Correo electrónico			Teléfono		
Representante					
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos		Teléfono	
Medio de notificación					
<input type="checkbox"/> Por correo postal					
Rúa/...			Núm.	Escaleira	Planta
CP	Municipio	Provincia		País	
<input type="checkbox"/> Por medios electrónicos					
Correo electrónico (no caso de que se actúe a través de representante)					

Localización da parcela/edificación				
Rúa/...		Núm.	Planta	Porta
Barrio			Código postal	
Referencia Catastral		Orzamento (sen IVE)		

Datos e descrición das obras				
Descrición das obras	<input type="checkbox"/> Obra nova <input type="checkbox"/> Ampliación/Reestruturación <input type="checkbox"/> Rehabilitación/Consolidación <input type="checkbox"/> Demolición <input type="checkbox"/> Outras			
Tipo de uso	<input type="checkbox"/> Residencial	<input type="checkbox"/> Comercial	<input type="checkbox"/> Industrial	Número de vivendas (no caso de uso residencial)
Ámbito da obra	<input type="checkbox"/> Plan especial 1	<input type="checkbox"/> Legalización	<input type="checkbox"/> Perímetro azul	<input type="checkbox"/> Camiños <input type="checkbox"/> Outros
Garantía (datos a cubrir pola administración)				
O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.				<input type="checkbox"/> CÓDIGO Núm.

Documentación
<p>A achegar polo interesado:</p> <p><input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do solicitante</p> <p><input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do representante, se procede</p> <p><input type="checkbox"/> Acreditación da representación, se procede (marcar no Anexo 1 os documentos achegados)</p> <p><input type="checkbox"/> Proxecto técnico:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O seu contido será o establecido no Anexo I da Parte I do CTE e no Anexo 1 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Memoria urbanística: incluíra a xustificación das condicións esixidas polo Plan Xeral e, no seu caso, as solucións propostas para o tapado de medianeiras ou solución de problemas derivados destas. Se procede, xustificará as condicións mínimas de habitabilidade reguladas na normativa autonómica, as condicións de vivenda exterior, as do cálculo de superficies edificables e que se axusta ao dereito edificatorio. ▪ Plano a escala 1:2000 da cartografía oficial de Santiago de Compostela no que se sitúe a parcela ou edificación. ▪ Copia do plano oficial acreditativo da acta de liña e rasante, que se reflectirá sobre plano topográfico a escala mínima 1:500 cos mesmos parámetros que os fixados polos técnicos municipais. ▪ Plano topográfico a escala mínima 1:500, con curvas de nivel con equidistancias dun metro, recollendo a edificación e arborado existentes. ▪ Plano de localización a escala mínima 1:500 no que se acouten as distancias das edificacións proxectadas ao eixo da vía pública, á aliñación oficial e aos demais lindeiros así como o ancho das vías de acceso. Indicarase a orientación, as aliñacións e rasantes oficiais e a superficie dos terreos de cesión.

Documentación

- Seccións da parcela coa edificación proxectada, a escala mínima 1:500 no que se indique o estado actual do terreo, da cota de referencia e da planimetría teórica. A cota de referencia deberá figurar nos planos dos alzados coa xustificación do cumprimento da altura máxima.
 - Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
 - Obras de urbanización e edificación simultánea: planos e memoria con indicación da urbanización dos terreos de cesión e reposición de servizos seguindo as indicacións da acta de liña e rasante. No caso de que sexa necesario un proxecto de obras complementarias de urbanización, presentárase para a súa tramitación simultánea co proxecto de edificación.
 - Obras con escavacións, terrapléns, desmontes ou rebaixes de terras: plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e as características da obra que se vai realizar así como os de detalle precisos que indiquen as precaucións que cómpre adoptar en relación coa propia obra, coa vía pública e cos predios ou construcións veciñas que poidan ser afectadas polo desmonte ou terraplén.
 - Edificacións de uso industrial: achegarase proxecto técnico xustificativo ao abeiro do Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, ou da norma que o substitúa.
 - Edificacións situadas no ámbito do PE-1 (Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica), no perímetro azul do PXOM vixente (zona de respecto e protección da paisaxe e silueta urbana delimitado na Orde do 29/10/1964 do Ministerio de Educación e Ciencia) ou dos Camiños de Santiago, edificacións declaradas BIC (Bens de Interese Cultural) ou edificios catalogados polo PXOM: memoria xustificativa do cumprimento das condicións estéticas.
 - Orzamento desagregado.
 - Proxecto básico e de execución: no caso de presentarse, ademais da documentación indicada no apartado anterior incluirá:
 - Proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións redactado de acordo co R.D. Lei 1/1998 (edificios con división horizontal).
 - Estudo de seguridade e saúde segundo o R.D. 1627/1997
 - Estudo de xestión de residuos segundo o R.D. 105/2008.
 - Oficio de dirección da execución da obra: achegarase co proxecto básico e de execución.
 - Obras de demolición: achegarase proxecto visado polo colexio profesional.
 - Proxectos sen visado colexial: achegarase declaración responsable ou certificación colexial do técnico redactor do proxecto contendo os seus datos persoais e profesionais e acreditando que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- Escritura de cesión de terreos.
- Escritura pública de cesión ao concello do solo situado fóra das aliñacións.
- Fotografías: do solar ou edificación no que se aprecien os lindeiros. Nas edificacións entre medianeiras incluirá as fachadas dos edificios lindeiros.
- Oficio de dirección de obra.
- Cuestionario estatístico de edificación: segundo o modelo oficial aprobado polo Ministerio de Fomento.
- Autorizacións sectoriais: autorizacións ou concesións administrativas que resulten esixibles pola normativa sectorial aplicable.
- Obras en comunidades de patios ou garaxes ou de construción de edificacións apegadas a lindeiros (se procede):
- Conformidade para a obra da comunidade de patios ou garaxes.
 - Compromiso do propietario da parcela, a cuxo linde se apegar a edificación para a que se solicita licenza, de apegar a esta edificacións futuras.
- Documento de autoliquidación da taxa correspondente

PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para a reutilización polo Concello dos documentos achegados

NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións

Data da solicitude,

Sinatura

ANEXO 1: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN

En todos os casos é preciso achegar o DNI-NIF/NIE da persoa representada e da representante

Para a representación de persoas físicas maiores de idade (sinale o que corresponda)

- Poder notarial
- Apoderamento outorgado mediante comparecencia
- Outros documentos legais de representación maiores de idade

Para a representación de persoas con discapacidade (sinale o que corresponda)

- Resolución xudicial
- Declaración de gardador de feito¹

Para a representación de persoas xurídicas (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

Para a representación de herdanzas xacentes, comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

En caso de representación de persoas menores de idade (sinale o que corresponda)

- Libro de familia
- Resolución xudicial ou administrativa
- Outros documentos legais de representación

(1) Poden presentar solicitudes en nome da persoa con discapacidade